

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 21 DE DECEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.
D^a. TERESA VARELA FISTEUS.
D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:


D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 52 DE DATA 14 DE DECEMBRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 52/2015 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para remodelación de vivenda unifamiliar no Lgar. de Cobas, 9-Catasós – Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 17/12/15 en concepto de Imposto sobre



Secretaría Xeral

Construcións, Instalacións e Obras por importe de 683,42 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe e o depósito dunha fianza de 450 €.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para cambio de gas en Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 15/12/15 por importe de de 549,63 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- INFORME URBANÍSTICO.


4.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas de data 23/11/15, e do Inspector xefe de obras e servizos de data 16/12/15 en relación a unha parcela con referencia catastral 7161308NH6276S0001GT, sita en Prado – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 27/11/2015 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.


5.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

5.1.- Acordouse admitir a documentación presentada pola Asociación de Pais de Disminuídos Psíquicos de Deza, en virtude do convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e Aspadeza co obxecto do programa integral de atención a persoas con discapacidade, coa finalidade de facilitar a integración social deste colectivo, aprobar a conta xustificativa de dito convenio e recoñecer a obriga a favor do beneficiario anteriormente relacionado polo importe de 7.000 €.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “**SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN E PINTURA PARA O CONCELLO DE LALÍN**” (CSU022015) **Lote núm. 1: Pinturas**, e **Lote núm. 2: Material de Construcción**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación para os dous lotes de 56.483,99 € (IVE incluído) (Lote núm. 1: Pinturas→ 34.483,99 €/anuais; Lote núm. 2: Material de construción→ 22.000,00 €/anuais) e un prazo de execución dun (1) ano prorrogable por 1





Lalínmcero

Secretaría Xeral
ano máis.



Concello de Lalín

6.2.- Acordouse adxudicar os “**GRANDES PATROCINIOS PUBLICITARIOS DA XLVIIIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN**” a varias empresas.

6.3.- Vista a proposta do **Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo** na que expón que, a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 23 de novembro de 2015 aprobou o , redactado polo arquitecto técnico municipal D. Antonio Bernárdez Nogueira. Na mesma sesión acordouse notificar dito informe á empresa Gaia Lalín Arena S.L., así como ao técnico Director facultativo das obras, D. Joaquín A. Gago Fernández, para solucionar as deficiencias atopadas no prazo máximo de 3 días.

Diante deste acordo **Gaia Lalín Arena, S.L** presentou escrito de alegacións (RXE núm. 8960 de 17/12/2015). Xa que logo, e á vista de dito escrito, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acordou:**

Primeiro.- Acordouse admitir as alegacións presentadas por **Gaia Lalín Arena S.L.** en relación ao disposto no “*Informe de estado actual das obras do edificio polideportivo-multiusos Lalín Arena e reparacións a efectuar antes do remate do prazo de garantía*”.

7.- APROBACIÓN DO CADRO DE PREZOS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS.-


Acordouse aprobar o novo cadro de prezos de acometidas, contadores e outros para o ano 2016.

8.- PREMIOS LALINENSES DO ANO 2015.

Acordouse aprobar a acta do xurado dos “Premios LALÍNenses do Ano 2015”.

9.- EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL.

9.1.- Acordouse recoñecer de oficio a responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín e o dereito de interesado a ser indemnizado na cantidade reclamada que ascende a 204,49 euros.



10.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal, de data 21 de decembro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono as relacións de facturas nº 175 por importe de 4.877,93 euros e 176 por importe de 38795,73 euros e 177 por importe de 56.584,05 euros.

11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- Acordouse solicitar á Delegación do Goberno en Galicia a renovación da autorización da instalación e uso de cámaras de videovixilancia fixas nas inmediacións da casa consistorial.

11.2.- Vacordouse aprobar a liquidación provisional correspondente ao primeiro semestre do ano 2015 do Canon do Parque Eólico Singular de Lalín, por importe de 24.181,15 €.

11.3.- Acordouse recoñecer a obriga por importe de 1.219,79 € a favor da Mancomunidade Terras de Deza en concepto de achega do Concello de Lalín ó custo de funcionamento da Depuradora de Losón.


11.4.- Acordouse a inclusión urxente no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas dun usuario e a baixa de tres usuarios.

11.5.- Acordouse aprobar as xustificacións presentadas polas persoas beneficiarias das axudas de infravivenda.

11.6.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento número 15/2015.

11.7.- Acordouse autorizar a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía número 05/014.

11.8.- Acordouse a autorización da posta en funcionamento, mediante xestión directa e apertura ó público, do aparcamento subterráneo sito no subsolo do espazo libre sito entre as rúas Calzada, B, Pintor Laxeiro, Z e Avda. Luis González Taboada (coa denominación de “Aldea Grande”), dende o día 22 de decembro do ano en curso.



Secretaría Xeral

11.9.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos correspondentes ao custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín, no período comprendido entre o 01/01/2015 e o 21/12/2015, por importe de **16.070,93 €**.

11.10.- Acordouse contratar coa empresa ODAIKO KREA S.L., para realizar as actividades de dinamización nas rúas peonís do casco urbano de Lalín, dacordo co presuposto remitido pola citada empresa por importe total de 3.999.99 €, con suxeición ó rexime de contratos menores de servizos.

11.11.- Acordouse a concesión de dous postos e aprobación da alta e liquidación para o día 5 de xaneiro do ano 2016 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

12.- CORRECCIÓN DE ERROS.-

12.1.- Acordouse corrixir o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 23/11/2015, apartado 8.13.

13.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

13.1.- Dáse conta do escrito remitido pola **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural** autorizando a un arqueólogo á realización dun control e seguimento arqueolóxico das obras da rede de camiños secundarios e obras de ZCP de Santa Baia de Losón.

13.2.- Dáse conta do escrito remitido pola **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural** comunicando o remate da actuación de control arqueolóxico de obras de acondicionamento da Vía da Prata na provincia de Pontevedra, concellos de Dozón, Lalín, Silleda e A Estrada, autorizada por esa Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en data 13/10/2015.

13.3.- Dáse conta do escrito remitido polo **Servizo de Mobilidade da Xefatura Provincial de Pontevedra da Consellería de Infraestruturas e Vivenda** no que se concede un prazo de dez (10) días ao Concello de Lalín para a presentación de alegacións ao expediente de reestruturación do contrato V-2198; XG-197, Lalín-Merza con Anexos, de Autocares Ofelia E. Souto Castro S.L.

